

DESTINATARIO/A: ASTILLEROS AGUIÑO, S.L.**ACORDO DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE TRÁMITE DE MODIFICACIÓN SUSTANCIAL POR AMPLIACIÓN DE PRAZO EXTRAORDINARIO, CON OBRAS DE AMPLIACIÓN DE NAVE (12.46.EDF.003)**

TIPO DE TÍTULO	CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DPP
OBXECTO	NAVE E CARRO VARADOIRO NO PORTO DE AGUIÑO
TITULAR	ASTILLEROS AGUIÑO, S.L.
CLAVE	12-46-05-C-1
PORTO	AGUIÑO - ZONA CENTRO

ANTECEDENTES

Extinguida por vencemento de prazo a concesión administrativa de ocupación de terreos de dominio publico portuario do porto de Aguiño, para instalacións de carro varadoiro, outorgada a D. Jose Silva Carreño por resolución do 21/07/1972 e transmitida posteriormente á empresa Astilleros Aguiño, S.A., esta foi revertida o 29/11/2005.

Por resolución do 20/12/2006, foi outorgada unha nova concesión a Astilleros Aguiño, S.L., para nave e carro varadoiro, sobre as ditas instalacións. A dita concesión foi outorgada por 20 anos, con posibilidade de prorroga de 10 anos máis. A data de vencemento é o 23/12/2026.

Posteriormente, por Resolución do Presidente de Portos de Galicia de data 16/06/2011, autorizáronse as obras de ampliación da nave como unha modificación substancial da concesión.

O 01/09/2020, con número de rexistro de entrada 2020/1689201, Ramón Blanco Sánchez, actuando en representación de Astilleros Aguiño, S.L., presenta solicitude, xunto con certa documentación, dunha nova ampliación así como a ampliación de prazo para poder amortizar as mesmas.

Tendo en conta que se solicitou dentro do prazo máximo (01/09/2020) establecido na disposición Transitoria 2ª da Lei 6/2017, enténdese que a ampliación de prazo solicitada encadrase dentro dunha ampliación de prazo extraordinario, en base ó disposto citada disposición transitoria da lei 6/2107 de porto de Galicia.

Xunto coa solicitude achégase certa documentación. Revisada a documentación achegada por parte da zona centro de Portos de Galicia, e comprobando que non é suficiente para tramitar a solicitude, o 11/06/2021 a dita zona realiza requirimento de emenda da documentación, requirimento que é contestado pola empresa solicitante o 25/06/2021 con número de rexistro de entrada 2021/1559996.

O 11/10/2021 a xefatura de zona centro emite informe técnico de proposta de tramitación de modificación substancial por incremento do volume construído para ampliación nave estaleiro de concesión no dominio público portuario. Este informe ten carácter favorable pero unicamente se pronuncia sobre a viabilidade da ampliación pero non se fai referencia o cumprimento dos requisitos esixidos na propia DT2ª, polo que estes aspectos deben ser analizados.

Realizado un primeiro requirimento dos ssc o 14/01/2022, non foi atendido. Realízase un segundo requirimento o 10/05/2022, o cal se contesta por parte do concesionario o 03/06/2022 con número de entrada 2022/1477537.

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Praza de Europa 5A – 6ª Planta

15707 Santiago de Compostela

T. 881 950 095

portosdeg Galicia.gal

Páxina 1 de 11





A Disposición Transitoria segunda da lei 6/2017 de portos de Galicia regula a ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto Lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento Competitividade e a eficiencia, establece que o prazo inicial destas concesións poderá ser ampliado a petición da parte concesionaria, sempre que o concesionario se comprometa, polo menos, á realización de investimentos relevantes para o porto ou o sistema portuario galego, que como mínimo será do **5% do valor das instalacións obxecto de concesión**.

Así mesmo, segundo o punto 4 da citada disposición transitoria, as obras que se vaian realizar deberán **mellorar** algún dos seguintes aspectos: **A produtividade, a eficiencia enerxética, a calidade ambiental, as operacións portuarias e a introdución de novas tecnoloxías, os novos procesos que incrementen a Competitividade e a responsabilidade social corporativa e a mellora social e da poboación**.

As obras deberanse executar integramente no prazo equivalente á metade do prazo de ampliación ou nos primeiros catro anos seguintes ao comezo da ampliación concedida ao concesionario.

En canto o prazo da ampliación, esta non poderá ser superior a metade do prazo máximo de vixencia establecido na lexislación estatal para as concesións sobre o dominio público portuario nos portos de interese xeral, e **dicir 25 anos**. Non obstante, segundo o punto 3 da Disposición transitoria 10 do TRLPEMM establece na súa condición transitoria 10 o seguinte:

“ A ampliación do prazo da concesión non poderá se superior a 2/5 do prazo inicial e compensará os novos compromiso de inversión a executar previamente ”.

Polo tanto o prazo dos 25 anos debe entenderse como un límite máis, pero a súa vez deberá cumprirse o establecido na lexislación estatal que neste caso concreto, en canto a ampliación de prazo extraordinario será de aplicación ó disposto na citada transitoria, non obstante a concesión ademais é susceptible de prorroga ordinaria.

A Xefa da área de Explotación e Planificación co visto e prace do Director Xeral de Portos de Galicia en data 04/10/2022 **emite informe propoñendo incrementar o prazo extraordinario en 8 anos, ata o 23/12/2034**, previa a tramitación como modificación substancial por ampliación de prazo segundo o artigo 73 da Lei 6/2017, de portos de Galicia, considerando que as inversións supoñen, a prezos actualizados, un 24,57% do orzamento inicial. Non obstante, **a concesión é susceptible de prorroga ordinaria por 1/2 do prazo inicial (10 anos) por non ter superado o tope de 50 anos nin ter gozado de prorroga ata a data, polo que o prazo de vencemento coa prorroga sería ata o 23/12/2044, propoñendo a súa tramitación conxunta**.

A Xefa da área de Explotación e Planificación en data 04/10/2022 emite informe técnico, complementario do indicado no paragrafo anterior, de proposta de acordo de inicio de trámite de modificación substancial por ampliación de prazo extraordinario, con obras de ampliación de nave (12.46.EDF.003).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Vista á solicitude do/a interesado/a.

Visto o expediente tramitado de acordo co previsto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.

Vista a Disposición transitoria segunda da Lei 6/2017 de portos de Galicia relativa á ampliación do prazo das concesións portuarias outorgadas pola comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Vistos os incrementos de prazo en función da inversión incluídos no seu apartado 4.

Visto o indicado na citada disposición transitoria no relativo ás condicións polas cales podería ser ampliado o prazo máximo inicial da concesional de 30 anos, fixado en base á normativa vixente no momento de outorgar a concesión.





Vistos os artigos 69 e 73 da Lei 6/2017 e a Disposición transitoria 10ª do RDL 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante, que establece un límite de 2/5 do prazo inicial.

Visto o informe favorable á ampliación de prazo extraordinario da xefa da Área de Explotación e Planificación co visto e prace do Director Xeral de Portos de Galicia de data 10/04/2022, propoñendo admitir a tramite a solicitude, así como o informe complementario da mesma data propoñendo o acordo de inicio de trámite.

Visto o informe proposta de inicio de trámite complementario ó anterior, de data 30/09/2022, de proposta favorable de inicio de trámite da modificación substancial da concesión e considerando que o uso solicitado é acorde coa DEUP aprobada.

ACORDO

Unha vez examinada a documentación presentada, e considerando axeitada a solicitude, **ACÓRDASE ADMITIR A TRÁMITE A SOLICITUDE DE PRORROGA ORDINARIA E DE AMPLIACIÓN EXTRAORDINARIA DE PRAZO** da concesión administrativa outorgada a ASTILLEROS AGUÑOS, S.L. con destino a nave e carro varadoiro no porto de Aguiño. **O prazo da ampliación extraordinaria sería de 8 anos, polo que a concesión tería unha vixencia máxima de ata o 23/12/2034, e ademais é susceptible de prorroga ordinaria por 1/2 do prazo inicial (10 anos), polo que o prazo de vencemento coa prorroga sería ata o 23/12/2044.**



Non obstante con carácter previo ó inicio de trámite, informarse do seguinte:

1. OCUPACIÓN DE SUPERFICIES NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO ESTIMADA:





ANÁLISE DA OCUPACIÓN DE SUPERFICIE DO TÍTULO DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO						
SITUACIÓN DA SUPERFICIE		ANÁLISE DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE			DETALLE DA DESCRICIÓN DA OCUPACIÓN DE SUPERFICIE	ÁREA EN PLANTA (m ²)
		Tipo de ocupación	SI	NON		
Terra	En superficie	Terreos en terra existentes	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Terreos que inclúen a explanada onde se aloxan as naves e parte da rampla emerxida. Nesta superficie se inclúen 324,97 m ² de terreos privados a incorporar a concesión	2.873,01
Auga	Lámina de auga	Lámina de auga en superficie ou somerxida	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Lámina de auga ocupada pola rampla somerxida	805,80
TOTAL OCUPACIÓN SUPERFICIE						3.678,81

2. OBRAS, EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA QUE SE OCUPAN NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO

OBRAS, EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS AUTORIZA OCUPAR/INSTALAR NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO								
SI se solicita a ocupación/instalación de obras, edificacións ou instalacións, titularidade de Portos de Galicia								
SITUACIÓN DAS OBRAS, EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS		DESCRICIÓN E CÓDIGO DAS OBRAS, EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS	ANO DE CONSTRUCIÓN INICIAL	DE SER O CASO, ANO DE REVERSIÓN OU TITULARIDADE DE PORTOS DE GALICIA	SUPERFICIE OCUPADA EN PLANTA	EDIFICACIÓNS		
						ALTURA MÁXIMA	SUPERFICIE E VOLUME CONSTRUIDOS E NÚMERO DE ANDARES	VIXENCIA DO IAE
Terra	En superficie	NAVE AUXILIAR VARADOIRO 12.46.EDF. 003 (SOAMENTE PARTE REVERTIDA)	1975	2005	601,08 m ²	- m	601,08 m ² m ³ (B)	NON

3. NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES¹ QUE SE SOLICITA REALIZAR NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO:

NOVAS OBRAS NON DESMONTABLES ² QUE SE SOLICITA REALIZAR (OU REGULARIZAR) NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO	
SI se realizarán novas obras non desmontables, e SI serán de entidade polo que requiren de proxecto	
As obras non desmontables serán promovidas por: <input checked="" type="checkbox"/> Interesado/a <input type="checkbox"/> Promotor/a <input type="checkbox"/> Consellería do Mar – Pesca <input type="checkbox"/> Portos de Galicia	
SITUACIÓN	DESCRICIÓN

¹ Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas

² Definición de desmontable, segundo o Art. 51.2 da Lei 22/1988 de Costas





Terra	En superficie	Ampliación de nave de 121,20 m ² . Concretamente ampliase a nave destinada a carpintería de madeira no seu costado sur oeste. Parte da ampliación realiza en terreos privados a incorporar mediante cesión a concesión			
Plano/s e imaxe/s das obras solicitadas:					
DATOS DO/S PROXECTO E PERSOAL TÉCNICO REDACTOR					
PROXECTO BÁSICO					
VERSIÓN DO PROXECTO	DATA DE ASINATURA DO PROXECTO	DATA E Nº DE REXISTRO ENTRADA PORTOS DE GALICIA	NOME DO PROXECTO BÁSICO	Nº E DATA DE VISADO DO PROXECTO	NOME, APELIDOS, TITULACIÓN E Nº DE COLEXIACIÓN DE TÉCNICO/A QUE ASINA O PROXECTO
2	Xuño-2022	03/06/2022 2022/1477537	Ampliación de nave en el puerto de Aguiño correcciones requerimientos Puertos Galicia (14/01/2022 y 13/05/2022)	VISADO Non esta visado	Sonia García González arquitecta 4625
ORZAMENTO DO PROXECTO BÁSICO SEN IVE					174.469,40 €
IVE (21%)					36.638,57 €
ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO BÁSICO CON IVE					211.107,97 €
PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS					2,5 MESES
Imaxe da portada do proxecto/documento técnico:					

4. PRAZO:

- Ampliación de prazo extraordinario: 8 anos
- Prórroga ordinaria: 10 anos





5. CONDICIÓN ECONÓMICAS da concesión:

CONDICIÓN ECONÓMICAS DA MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DA CONCESIÓN		
<p>a) TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO (TODP), conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 5, taxa 02, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Aboarase por semestres adiantados a partir do día seguinte á data de notificación da resolución de outorgamento do presente título.</p> <p>O/a titular aboará por este concepto as CANTIDADES ANUAIS seguintes para o ANO 2022:</p> <p style="text-align: center;"><u>TAXA POR OCUPACIÓN DE SUPERFICIES NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO (DPP):</u></p>		
IDENTIFICACIÓN DA OCUPACIÓN	SUPERFICIE	
	DESCRIPCIÓN ADICIONAL	ZONA DE EXPLANADA E RAMPLA EMERGIDA
VALORACIÓN DA OCUPACIÓN	ZONA DE VALORACIÓN	IEAH
	VALOR UNITARIO	40,11 €/m ²
GRAVAME A APLICAR AO VALOR UNITARIO POLA ACTIVIDADE A DESENVOLVER OU DESENVOLVIDA ³	6% DO VALOR DO TERREO, POLO USO DE TIPOLOXÍA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS-VARADOIROS E REPARACIÓN NAVAIS, ZONA DE VARADA, CARRO VARADOIRO INCLUÍDO	
ÁREA DA OCUPACIÓN	2548,04 m ²	
TAXA UNITARIA (SEN IVE) POR UNIDADE DE SUPERFICIE	6132,11 €/m ² anuais	
	<ul style="list-style-type: none">EXCLUESE A SUPERFICIE DE 324,97 M2 APORTADOS POLO CONCESIONARIO MEDIANTE CESIÓN	
IDENTIFICACIÓN DA OCUPACIÓN	SUPERFICIE	
	DESCRIPCIÓN ADICIONAL	ZONA RAMPLA SOMERXIDA
VALORACIÓN DA OCUPACIÓN	ZONA DE VALORACIÓN	E
	VALOR UNITARIO	8,77 €/m ²
GRAVAME A APLICAR AO VALOR UNITARIO POLA ACTIVIDADE A DESENVOLVER OU DESENVOLVIDA ⁴	6% DO VALOR DO TERREO, POLO USO DE TIPOLOXÍA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS-VARADOIROS E REPARACIÓN NAVAIS, ZONA DE VARADA, CARRO VARADOIRO INCLUÍDO	
ÁREA DA OCUPACIÓN	424,01 m ²	
TAXA UNITARIA (SEN IVE) POR UNIDADE DE SUPERFICIE	424,01 €/m ² anuais	
<u>TAXA POR OCUPACIÓN DE EDIFICACIÓN DE TITULARIDADE PÚBLICA NO DPP:</u>		

3 Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 02. Ocupación do Dominio Público Portuario. Epígrafe 2 e Instrución da AEPP 1/2011 relativa aos gravames a aplicar no cálculo dos cánones

4 Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 02. Ocupación do Dominio Público Portuario. Epígrafe 2 e Instrución da AEPP 1/2011 relativa aos gravames a aplicar no cálculo dos cánones





IDENTIFICACIÓN DA EDIFICACIÓN	12.46.EDF.003	
	NAVE AUXILIAR A CARRO VARADOIRO (SOAMENTE Ó MODULO CENTRAL REVERTIDO)	
	DESCRIPCIÓN ADICIONAL	NAVE AUXILIAR PARA ALMACEN E REPARACIÓN DE EMBARCACIÓNS
GRAVAME A APLICAR Á TAXACIÓN DA EDIFICACIÓN, POLA ACTIVIDADE A DESENVOLVER OU DESENVOLVIDA ⁵	6% DO VALOR DO TERREO, POLO USO DE TIPOLOXÍA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS-VARADOIROS E REPARACIÓNS NAVAIS, ZONA DE VARADA, CARRO VARADOIRO INCLUÍDO	
TAXA UNITARIA (SEN IVE)	3.708,04 €/ano pola ocupación da edificación (sen incluír a depreciación)	
	1.324,30 €/ano adicionais en concepto de depreciación	
	5.032,34 €. NON inclúe a ampliación da nave realizada polo concesionario mediante modificación do título concesional.	

NOTA: Os terreos privados xa integrantes da parcela concesionada, así como da ampliación proxectada serán cedidos a Portos de Galicia segundo o indicado no regulamento da Lei de costas. Estes terreos non de vindicaran TODP.

(O cálculo de canon/taxas, poderá ser recalculado a resultados dos datos obtidos na tramitación da concesión, e no levantamento topográfico no caso de ser realizado)

b) TAXA POR DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS OU INDUSTRIAIS E DE SERVIZOS (ACIS), conforme ao disposto para a esta taxa no Anexo 3, taxa 03, da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. A liquidación desta taxa será anual.

- O/a titular aboará por este concepto o unha porcentaxe do IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIO ANUAL QUE CORRESPONDERÁ AO 1,0% DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS DE TALLERES DE REPARACIÓN DE EMBARCACIÓNS E DEPÓSITO DE EMBARCACIÓNS desenvolvidas nas instalacións obxecto da do título de ocupación do dominio público portuario.

6. DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR por parte do solicitante, a recabar pola ZONA:

TRÁMITE	DOCUMENTO	DESCRIPCIÓN DO DOCUMENTO
DOCUMENTACIÓN A COMPLETAR POLO SOLICITANTE A RECABAR POLA ZONA CENTRO	1	Proxecto básico cumprindo as Normas de presentación de proxectos básicos de Portos de Galicia, soamente no suposto de que se propoña a execución de novas obras ou de remodelación ou mellora. O proxecto achagado deba incorporar: DEBERÁ EMENDARSE O PRESENTADO NO SEGUINTE:

⁵ Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Anexo 05. Taxa 02. Ocupación do Dominio Público Portuario. Epígrafe 2 e Instrución da AEPP 1/2011 relativa aos gravames a aplicar no cálculo dos cánones





		<ul style="list-style-type: none">Incluír cubicación en m³ das naves existentes e da proxectadaIncluír referencias lexibles do medio medio mecánico (guindastre) a instalar. Ademais deberá incorporar a descrición e documentación técnica correspondentes do guindastre ponte existente e do guindastre torre. Para elo deberá empregar a ficha dispoñible na seguinte ruta: www.portosdegalicia.com > Xestións > Modelos e formularios > MEDIOS MECÁNICOS (AUTORIZACIÓN OU REGULARIZACIÓN) en título de ocupación do dominio público portuarioTer en conta ós efectos de deseño/ou cesión de terreos a accesibilidade terrestre por terreos de titularidade pública. Si fora preciso acceder por terreos de titularidade privada deberanse incluír na cesión e reflectilo no documento técnico.Identificación das acometidas a servizos existentes, con indicación de si conectan o porto ou a rede municipalIndicación de posible servizos afectados, no seu caso.O proxecto deberá vir acompañado da seguinte ficha, dispoñible na seguinte ruta: www.portosdegalicia.com > Xestións > Modelos e formularios > FICHA TÉCNICA BÁSICA DE SOLICITUDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS NON DESMONTABLES E/OU INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DESMONTABLES.
	2	Garantía provisional: importe do 2% do orzamento das obras e instalacións adscritas á concesión, que non poderá ser inferior a 1.000 euros (art. 84 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia). NESTE CASO CONCRETO E SE NON SE MODIFICA O ORZAMENTO SOBRE O PROXECTO PRESENTADO: 4.222,16 € A garantía debe ser depositada na Caixa Xeral de Depósitos e, posteriormente, remitir a Portos de Galicia a través do procedemento PR004A da Sede Electrónica da Xunta de Galicia o resgardo electrónico con código CVE ⁶ que lle entregará a Caixa Xeral de Depósitos. Dispón da información relativa a como realizar este proceso na seguinte ruta www.portosdegalicia.com > Modelos e formularios > NOTA INFORMATIVA SOBRE A PRESENTACIÓN DE GARANTÍAS/FIANZAS (provisional, definitiva ou construción e de explotación) e MODELOS TIPO DE AVAL BANCARIO.
	3	Xustificantes en vigor que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente no Art. 7, Lei 9/2017, de contratos do sector público
	4	Declaración responsable de que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar reguladas pola lexislación aplicable (artigo 71 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público)
	5	NESTE CASO SERÁ PRECISO ACHEGAR DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA TITULARIDADE DOS TERREOS A CEDER.

7. ACTA DE CONFRONTACIÓN: realización, con carácter previo ao trámite da modificación substancial da concesión, acta de confrontación da parcela con indicación e referencias exactas de medicións dos bens de dominio público a ocupar e da propiedade privada a ceder. A acta de confrontación debe reflectir expresamente as cuestións que se indican a continuación.

TRÁMITE	PUNTO A REFLECTIR	DESCRICIÓN DA CUESTIÓN A REFLECTIR
---------	-------------------	------------------------------------

⁶ Art. 29.3 Decreto 191/2011, de 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración Xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia





ACTA DE CONFRONTACIÓN. CUESTIÓNS A REFLECTIR EXPRESAMENTE POLA ZONA ESCOLLA UNHA ZONA	1	MEDICIÓN IN SITU E REALIZACIÓN PLANO/S ACOTADO/S QUE DEFINA/N XEOMÉTRICAMENTE A/S OCUPACIÓN/S EN PLANTA NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO
	2	<p>CONEXIÓN COAS REDES EXISTENTES (PLANOS E FOTOGRAFÍAS), CON INDICACIÓN DOS CÓDIGOS DE CONTADORES (SE APLICA) QUE PORTOS DE GALICIA DEBE EMPREGAR PARA FACTURAR OS CONSUMOS DE ELECTRICIDADE E AUGA:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Electricidade</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Abastecemento de auga potable</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Saneamento</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Pluviais</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Comunicacións</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Gas</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo • <u>Outras</u>: necesario presentar plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo
	3	<p>SERVIZOS AFECTADOS⁷ (PLANOS E FOTOGRAFÍAS):</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Electricidade</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Abastecemento de auga potable</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Saneamento</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Pluviais</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Comunicacións</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Gas</u>: necesario realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede • <u>Outros servizos afectados</u>: necesaria realización levantamento de campo e presentación de plano e fotografías con carácter previo ao acta de replanteo. Inclusión da partida orzamentaria se procede
	4	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Identificación da accesibilidade terrestre por terreos de titularidade pública. Si fora preciso acceder por terreos de titularidade privada deberanse incluír na cesión e reflectilo no documento técnico e confrontación.</u>

8. INFORMES a solicitar a OUTRAS ADMINISTRACIÓNS para a tramitación da concesión:

ÁMBITO ADMINISTRACIÓN	ORGANISMO AO QUE PORTOS DE GALICIA SOLICITARÁ INFORME	MARCAR "X" SE SE SOLICITAR Á INFORME	OBJECTO DO INFORME	
			COMPETENCIA	DATOS PORMENORIZADOS
LOCAL	CONCELLO DE RIBEIRA	(OBRIGATORIO)	URBANISMO	
AUTONÓMICO	CONSELLERÍA DO MAR	<input type="checkbox"/>	PESCA	

⁷ Se non houberse servizos afectados, sería preciso indicar expresamente no proxecto construtivo





AUTONÓMICO	CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE	<input type="checkbox"/>	RESIDUOS
Comprobados Plan de Ordenación do Litoral, aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, de 10 de febreiro e o Plan Básico Autonómico, formulado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ao abeiro do disposto nos artigos 49 e 50 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 90 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento, non se identifica que a concesión teña afeccións			<input checked="" type="checkbox"/>

9. CONDICIÓN PARTICULARES QUE SE PROPÓN INCLUÍR NO TÍTULO DA CONCESIÓN EN TRAMITACIÓN

CONDICIÓN PARTICULARES QUE SE PROPÓN INCLUÍR NO OFRECEMENTO DE CONDICIÓNS DA CONCESIÓN
Os terreos privados xa integrantes da parcela concesionada, así como da ampliación proxectada serán cedidos a Portos de Galicia segundo o indicado no regulamento da Lei de costas. Estes terreos non de vindicaran TODP.

Infórmase de que a notificación deste documento realízase obrigatoriamente de forma electrónica e a través do sistema Notifica.gal da Xunta de Galicia, segundo o indicado no Art. 41.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Asemade, informáse de que a notificación recibida e o documento notificado son plenamente válidos segundo os Art. 41.6 e 43 da citada lei. O interesado considerarase como notificado no momento que Portos de Galicia poña a disposición do interesado na sede electrónica a través do sistema Notifica.gal, segundo os Art. 40.4 e 43.3 da citada Lei. Segundo o indicado no Art. 43.2 da mesma lei, se transcorridos dez (10) días naturais desde a posta a disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia o interesado non accede a esta, se entenderá que a notificación é rexeitada aínda que notificada e plenamente efectiva, proseguindo Portos de Galicia cos trámites que procedan do procedemento administrativo, sen que sexa preciso ningún acto de publicación en diarios oficiais.

Este acordo notifícase segundo o esixido no Artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. con indicación de que se non se recibe a documentación solicitada no prazo indicado entenderase que o interesado desiste do trámite solicitado.

Propón a Dirección Xeral e acorda a Presidencia de Portos de Galicia, segundo o informe da Área de Explotación e Planificación.





ANEXO I. ÁMBITO DA CONCESIÓN

